

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000028.**

**Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **16 de xullo de 2025, ás 10:00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 4, 11, 18, 25 DE XUÑO, 2 DE XULLO E A EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 19 DE XUÑO DE 2025

**ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, MEDIACIÓN CULTURAL E ATENCIÓN AO PÚBLICO NO CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE (OVC). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. REF. 2025/C003/000041.

3. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN DA MEDIANA NA RÚA DA INDUSTRIA". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025-C002-000016.

4. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE ALMOZZO E COMIDA, ASÍ COMO ATENCIÓN E APOIO DURANTE O DITO SERVIZO, LEVADOS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DE LUGO. EXP. REF.: 2025/C003/000021. ADXUDICACIÓN.

**PERSOAL**

5. PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DO XEFE DO SERVIZO DE LICENZAS.

## **ACTAS E GOBERNO**

ARG/jch

Refº: ispac392985262739088636.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-7-2025

6. PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DO ACORDO 11/63 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA TIC PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024), ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 12 DE FEBREIRO DE 2025.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, -por suplencia do vicesecretario accidental- como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e á interventora xeral accidental, dona María de la Concepción Castro-Gil Iglesias.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

***Asinado dixitalmente á marxe polo Excmo. Sr. alcalde-presidente, don Miguel Fernández Méndez.***